



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA - PRESIDENCIA

Expediente: 477/2021

Asunto: Resolución aprobación definitiva da Convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.

D. JOSÉ LUIS OUJO POUSO, Alcalde-Presidente do Concello do Porto do Son, no exercicio das facultades que lle confiren o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL) e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG),

Antecedentes

Vista a convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22, publicada no BOP nº 120 do 27/06/2022 e a ordenanza de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego publicada no BOP nº 177 do 16/09/2021 e visto o Decreto da Alcaldía nº 179/2022 de Aprobación convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.


Vista a solicitude presentada pola CMVMC Parroquia de Nebra, de data 04/07/2022 nº de rexistro 2022-E-RE-1333.

Visto o previo informe do persoal directivo do Obradoiro de Emprego no que se desprende que o beneficiario cumple todos os requisitos necesarios para acceder á axuda e a proposta dos servizos técnicos da Axencia de Desenvolvemento Local de data 02/08/2022,

Considerando o disposto na base 9 do Decreto da Alcaldía nº 179/2022 de Aprobación convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22.

Por decreto de Alcaldía nº. 828/2022 de data 04/08/2022 se aprobou a resolución provisional da convocatoria de axudas en concorrencia non competitiva a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22, a favor da CMVMC PARROQUIA DE NEBRA para a contratación de dous (2) alumnos traballadores, seguindo a orde de prelación recollida na Disposición adicional primeira da Ordenanza de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego (BOP nº 177 do 16/09/2021). Nesa resolución se establecía un prazo de dez días para presentar alegacións, transcorrido este prazo sen que se presentaran alegacións.

Visto canto antecede, **ACORDAR:**





Primeiro: aprobar de forma definitiva a concesión da axuda dos incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro de emprego dual "TAHUME VII" 2021/22 (Pintura industrial en construcción - Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes) a favor do seguinte beneficiario:

Beneficiario	Contía	Obxecto
CMVMC PARROQUIA DE NEBRA CIF: V15223787	Concedido: 3.000,00 € Desglose: 1.500,00 euros por cada contratación realizada para un período mínimo de 3 meses a xornada completa. Total contratacóns solicitadas: dúas (2).	Incentivos para a realización de dúas (2) contratacóns temporais por conta allea de alumnos-traballadores do obradoiro dual de emprego "Tahume VII", para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial dos obradoiros duais de emprego relacionados con ocupacións ou postos de traballo vinculados á: "Pintura industrial en construcción" (EOCB0311) - "Actividades auxiliares en conservación e mellora de montes" (AGAR0309), (seguindo a orde de prelación recollida na Disposición adicional primeira da Ordenanza de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado-traballador dos obradoiros duais de emprego (BOP nº 177 do 16/09/2021), cunha duración mínima de alta en Seguridade Social de 3 meses.

Segundo: O beneficiario desta axuda deberá proceder coa xustificación da mesma, tal como se recolle no apartado sexto da convocatoria publicada no BOP nº 120 do 27/06/2022.

Terceiro: Notificar a concesión desta axuda a CMVMC PARROQUIA DE NEBRA e publicarla na Sede Electrónica do Concello e na BDNS.

Asinado en Porto do Son por medios electrónicos polo alcalde, José Luis Oujo Pouso, do que eu, Mónica Pichel García, como secretaria, e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (RD 128/2018, do 16 de marzo).

